



## Inscrición

Xornada dirixida a persoas adultas.  
Inscrición de balde.

As partes teóricas son de acceso libre e non requiren coñecementos previos en baile tradicional.

As partes prácticas\* requiren coñecementos en baile tradicional e inscrición previa, ata o 27 de abril, no tfno. 981583620 ou en deac@museodopobo.gal

\*Desenvolveranse nos últimos 30 minutos das charlas de Mercedes Peón e Luís Prego.



Imaxe tirada da serigrafía 'Muiñeira (1967)' de Luís Seoane. Fundación Luís Seoane.



Museo  
do Pobo  
Galego




CONCELLO DE  
SANTIAGO



XUNTA  
DE GALICIA



Museo do Pobo Galego



## A Voltas co Baile

### 40 anos de recollas

Sábado 29 de abril de 2017  
Museo do Pobo Galego  
De 11h a 14h e de 16h30 a 18h

Nesta VI edición e co gallo do **40 aniversario do Museo**, queremos celebrar o importante cometido que a entidade asumiu e exerce desde a súa fundación: recompilar, salvagardar e devolver á sociedade o patrimonio cultural que a súa colección alberga. Así, *A voltas co Baile* estará dedicado aos 40 anos de recompilación do baile tradicional, pondo o foco de atención naquelas persoas ou agrupacións que se envolveron na busca, recompilación e salvagarda desta parte importante do noso patrimonio inmaterial.

### Programa:

#### Parte teórica:

De 10h30 a 12h. "A agrupación de danza da *Sección Femenina*". **Carolina Hernández**.

Relatorio sobre o funcionamento dos grupos de Coros y Danzas da Sección Femenina a partir da análise do grupo da cidade da Coruña dos anos 70.

Con entrevistas a membros da SF e visionado de materiais de recolla, aproximámonos ás dimensións políticas, sociolóxicas, folcloristas e vivenciais destas agrupacións.

#### Parte teórico-práctica:

De 12h15 a 13h45. **Mercedes Peón**.

De 16h30 a 18h. **Luís Prego**.

Relatorios sobre o proceso de recompilación do baile tradicional nas décadas dos 80, 90 e 2000: as motivacións, os obxectivos, as estratexias e as dificultades, a evolución do traballo de campo e os formatos nos que se pode devolver o material recompilado á sociedade da que parte.

A partir do visionado de recollas significativas introducímonos na parte práctica baseada na análise das mesmas.

#### Carolina Hernández.

Diplomada en Maxisterio (Música e Primaria) e licenciada en Historia e Ciencias da Música pola Universidade de Salamanca. A súa docencia comeza polas Escolas de Música, Secundaria, Conservatorio Profesional e desde 2014 forma parte do Departamento de Musicoloxía do Conservatorio Superior de Vigo. Acadou o DEA na Universidade de Salamanca e doutorouse en Música pola Universidade de Vigo coa tese *La agrupación de danza de Sección Femenina de A Coruña: dimensiones políticas, sociolóxicas, folclorísticas y vivenciais*.

Actualmente colabora no proxecto de investigación I+D+i: *Fondos documentales de música en los archivos civiles de Galicia (1875-1951): Ciudades del Eje Atlántico* promovido polo Universidade de Santiago de Compostela.

#### Luís Prego.

Recompilador e estudoso do folclore tradicional galego, autor de *Para cantar e bailar* (Ed. do Cumio, 2008) e *Xogos musicais* (Ed. do Cumio, 2013). Comezou a súa andaina no mundo da danza en 1975 na escola de *Lembranzas Galegas*. Mestre de baile e música tradicional desde 1989. Exdirector dos grupos *O Fiadeiro* e *A Buxaina* de Vigo e do grupo *Brincadeira* de Santiago de Compostela. Director do *Orfeón Mariñeiro do Berbés*. Membro do grupo de música folk *Ardentia*, co cal ten publicados cinco traballos discográficos. É, tamén, xestor da páxina de Facebook "Música e baile de Galiza".

#### Mercedes Peón.

Compositora, vocalista e instrumentista de amplo recoñecemento nacional e internacional. Afondou durante 20 anos na recompilación e difusión da tradición colectiva deste país. Comezou a gravar discos no ano 2000. Cinco deles en solitario e oito en colaboración, tarefa coa que continúa e coa que foi recoñecida con múltiples premios, entre eles o premio Nacional no apartado de música.

Creou as bandas sonoras de dous documentais de Margarita Ledo Andión e dunha serie de ficción. Compuxo catro obras para danza coas coreógrafas Lipi Hernández ("El canto de los Caballos"), Roberto Oliván ("El kiosco das almas perdidas"), Maruxa Salas ("Solo dos") e o colectivo *Entremáns* ("Concerto desconcerto"). Alente a súa achega no eido da tradición está orientada a deconstrución dos xéneros.